

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE  
VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

### **11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612)**

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente. (exp.11475-612)*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 19/09/22 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación con data 27/09/22.*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 52.994,96 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (9.197,47 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.99.01, 172.1.221.99.00 e 311.0.221.99.00.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2022 13:51	Páxina 1 de 4
11475-612	CSV: ACAFBF-CEDC2C-B3E92A-5EY87S-Q8QFWK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CUARTO.-** Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 17 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Baixa proporcional única</b>
1º	INTERNACO GREEN SPACE, S.L.	40%
2º	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	21%

*Segundo.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B-70.607.122), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación non recollida no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (cláusulas 8 e 22.1 do PCAP):

1. Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.
2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
3. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
5. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado o día 17 de novembro de 2022 ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B70607122), quen, dentro do prazo concedido, non presenta ningunha da documentación requirida.

Á vista do anterior, a Mesa, na sesión do 1 de decembro de 2022, entende retirada a oferta de INTERNACO GREEN SPACE, S.L. e acorda, por unanimidade, solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP.

Este acordo foi notificado o 2 de decembro de 2022. O licitador presentou a documentación requirida os días 14 e 16 de decembro de 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2022 13:51	Páxina 2 de 4
11475-612	CSV: ACAFBF-CEDC2C-B3E92A-5EY87S-Q8QFWK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar, SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 14 de novembro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 1 de decembro de 2022 polo que se entende retirada a oferta de INTERNACO GREEN SPACE, S.L. por non atender ao requirimento do artigo 150.2 da LCSP



*dentro do prazo concedido para o efecto.*

- 2. Adxudicar a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (B-27.815.539) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) por un prezo máximo de 52.994,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.197,47 euros e cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no Anexo I do PPTP do 21%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/12/2022 13:51	Páxina 4 de 4
11475-612	CSV: ACAFBF-CEDC2C-B3E92A-5EY87S-Q8QFWK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		